

# Inspeccións periódicas das Instalacións Térmicas nos Edificios

## Inspección dos **xeradores de calor**

Inspeccionaranse os xeradores de calor de potencia útil nominal instalada  $\geq 20$  kW, excluindo os sistemas destinados unicamente á produción de auga quente sanitaria ata 70 kW, coa periodicidade seguinte

Para as **instalacións novas** (postas en servizo con data posterior á entrada en vigor deste RITE):

Si  $20 \text{ kW} \leq P \leq 70 \text{ kW}$ ,

calquera enerxía: **cada 5 anos**

Si  $P \geq 70 \text{ kW}$

Gases e enerxías renovables: **cada 4 anos**

Outras enerxías: **cada 2 anos**

Para as **instalacións existentes**, segundo o calendario establecido pola Comunidade Autónoma:

Instalación de máis de 15 anos

Dispoñen dun **prazo de 2 anos** para realizar a inspección de eficiencia enerxética da instalación térmica completa.

Despois rexeranse polo calendario das instalacións novas

Instalación de menos de 15 anos

Dispoñen dun **prazo de 5 anos** para realizar a primeira inspección de eficiencia enerxética dos xeradores de enerxía térmica.

Despois rexeranse polo calendario das instalacións novas

Estas inspeccións abranguerán:

- Análise e avaliación do rendemento e dimensionado do xerador de calor en comparación coa demanda térmica a satisfacer pola instalación  
Nas inspeccións periódicas da eficiencia enerxética o rendemento a potencia útil nominal non será inferior ao 80 %
- Bombas de circulación

- Sistema de distribución, incluíndo o seu illamento
- Emisores
- Sistema de regulación e control
- Sistema de evacuación de gases da combustión
- Verificación do correcto funcionamento do queimador da caldeira, de que o combustible e o adecuado para a combustión polo queimador e, no caso de biocombustibles sólidos, segundo a norma UNE EN 14961, que correspóndense cos establecidos polo fabricante do xerador de calor
- Instalación de enerxías renovables e co-xeración, no caso de existir, e a súa achega á produción de auga quente sanitaria e calefacción, e a contribución solar mínima na produción de auga quente sanitaria
- Para instalación de potencia útil nominal  $\geq 70$  kW, verificación dos resultados do programa de xestión enerxética que establécese no punto IT 3.4, para verificar a súa realización e a evolución dos resultados

As inspeccións realizaranse por un Organismo de Control Autorizado